

ACTA Nº 6 DA XUNTA ELECTORAL
DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

SORTEO DAS PERSOAS INTEGRANTES DAS MESAS ELECTORAIS

Ás 12:00 horas do día 11 de agosto de 2026, reúnen-se de forma telemática as persoas integrantes da Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo, co obxecto de adoptar as medidas necesarias en relación coa composición da mesa electoral de Santiago de Compostela.

Unha vez examinadas as actuacións realizadas e efectuadas as oportunas comprobacións, a Xunta Electoral constata que no sorteo realizado para a designación das persoas integrantes das mesas electorais advertiuse posteriormente que, por erro, foron incluídas entre as persoas susceptibles de resultar designadas para a mesa electoral de Santiago de Compostela persoas que non poden formar parte dunha mesa electoral, de acordo coa normativa electoral aplicable.

O artigo 24.6 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, establece expresamente que non poderán formar parte das mesas electorais as persoas candidatas á elección de membros da Asemblea Xeral.

Comprobada a incidencia, resulta necesario deixar sen efecto exclusivamente as designacións afectadas polo citado erro, manténdose plenamente válidas as restantes designacións efectuadas no sorteo.

Ademais aceptáronse excusas presentadas por dous persoas designadas polo que é necesario emendar a incidencia indicada e completar correctamente a composición da mesa electoral de Santiago de Compostela.

Na súa virtude, a Xunta Electoral

ACORDA

Realizar un novo sorteo exclusivamente para a cobertura dos catro postos afectados na mesa electoral de Santiago de Compostela, permanecendo inalteradas as restantes designacións efectuadas no sorteo anterior.

O novo sorteo celebrarase en **acto público o día 12 de Agosto ás 13:00 horas**, na sede da Federación Galega de Atletismo, situada na Praza de Agustín Díaz, s/n, Complexo Deportivo de Elviña, A Coruña

As persoas que resulten seleccionadas serán notificadas individualmente e deberán aceptar a súa designación no prazo dos dous días hábiles seguintes, agás causa xustificada e documentalmente acreditada que lles impida a aceptación do cargo.

Co obxecto de garantir a publicidade do acto, acórdase publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Atletismo e no apartado **«ELECCIÓN 2026»** da súa páxina web, facendo constar a data, hora e lugar de celebración do novo sorteo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión na data indicada.

O Secretario da Xunta Electoral

Fdo. Manuel A. Suárez Collantes

A handwritten signature in blue ink, enclosed within an oval shape. The signature appears to be 'M. A. S.' followed by a flourish.